

Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON12I17J	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Data Creación:</i> 10-07-18 08:56

### ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de redacción de proxecto básico e executivo e de redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da Rúa de Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 100.000 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto simplificado.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 10 de xullo de 2018, ás 8:45 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Jorge Duarte Vázquez

**Vogais:** D. Henrique Seoane Prado, xefe de servizo de Planeamento  
 Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.  
 D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Aseoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de Contratación.

Tamén asisten D. Rafael Peña, en representación do grupo CA, Dna. María Corral, en representación do grupo PP e D. Gonzalo Muñíos en representación do grupo PSOE, en calidade de observadores (acordo XGL 18/5/2018).

#### **OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	29/06/2018	30.070	B15077233 PROYFE SL
2	02/07/2018	30.261	B15080849 ICEACSA CONSULTORES SLU
3	02/07/2018	30.292	33287036X ABALO DIAZ, ELISABETH
4	02/07/2018	30.299	B15128838 INGENIERIA DEL NOROESTE SL
5	03/07/2018	30.462 (*)	B70473202 TERRAVANZA GABINETE ESTUDIOS TERRITORIALES AVANZADOS SL
6	03/07/2018	30.606 (*)	UTE BAC-SEPCO
7	04/07/2018	30.702(*)	B15879968 EZCURRA Y OUZANDE ARQUITECTURA SLP
8	05/07/2018	30.998 (*)	B87001806 ESTUDIO HERRERO S.L.P.

*\*Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor dos distintos licitadores, resultando que todos eles axústanse as formalidades esixidas no prego de aplicación.


A continuación procédese á verificación da presentación da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles apórtana correctamente cumprimentada.

Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON12I17J	Expediente CON/4/2018	Data Creación: 10-07-18 08:56


En consecuencia, corresponde dar traslado das propostas urbaníticas ao comité de expertos designado no prego ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións.

Ás 9:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**





Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON12I17J	Expediente CON/4/2018	Data Creación: 10-07-18 08:56

### **ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Servizo de redacción de proxecto básico e executivo e de redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da Rúa de Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 100.000 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto simplificado.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 19 de xullo de 2018, ás 8:40 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Jorge Duarte Vázquez.

**Vogais:** D. Henrique Seoane Prado, xefe de servizo de Planeamento  
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.  
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste Dna. María Corral, en representación do grupo PP, en calidade de observadora (acordo XGL 18/5/2018).

A mesa de contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polo comité de expertos, amosándose conformes co seu contido e conclusións, polo que se aproba co voto favorable de todos os membros da mesa.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas, que ten como resultado o seguinte:

<b>Nº DE ORDE</b>	<b>NOME DO LICITADOR</b>	<b>Prezo (euros IVE excluído)</b>	<b>Estudio mobilidade</b>	<b>Estudio paisaxístico</b>
1	PROYFE SL	66.900	SÍ	SÍ
2	ICEACSA CONSULTORES SLU	73.000	SÍ	SÍ
3	ABALO DIAZ, ELISABETH	74.000	SÍ	SÍ
4	INGENIERIA DEL NOROESTE SL	82.000	SÍ	SÍ
5	TERRAVANZA GABINETE ESTUDIOS TERRITORIALES AVANZADOS SL	85.000	NON	NON
6	UTE BAC-SEPCO	61.950	SÍ	SÍ
7	EZCURRA Y OUZANDE ARQUITECTURA SLP	80.000	SÍ	SÍ
8	ESTUDIO HERRERO S.L.P.	85.000	SÍ	SÍ

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, e a vista das ofertas presentadas, resulta que quen acada a máxima puntuación no procedemento é a empresa PROYFE SL.

En consecuencia, a mesa ACORDA:


Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador PROYFE SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 66.900 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique

Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON12I17J	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Data Creación:</i> 10-07-18 08:56

documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**



Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON12117J	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Data Creación:</i> 10-07-18 08:56

### **ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Servizo de redacción de proxecto básico e executivo e de redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da Rúa de Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Creceamento Sostible 2014-2020.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 100.000,00 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** aberto simplificado

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 8 de agosto de 2018, ás 9:45 Horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal

#### **Vocales:**

Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.

Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** Dna Rocío Montañés Fernández, xefe de servizo de contratación e servizos comunitarios.

Tamén asisten Dna. María Corral, representante do grupo Popular, e Dna. Concepción Fernández representante do grupo CA, en calidade de observadores (acordo XGL 18/5/2018).

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, PROYFE SL, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA**




**O/A SECRETARIO/A DA MESA**





**INFORME DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR DO**


PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO BÁSICO E EXECUTIVO E DE REDACCIÓN DE PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE, DIRECCIÓN FACULTATIVA SUPERIOR E MEDIA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA REURBANIZACIÓN DA RÚA DE CLARA CAMPOAMOR. FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020



O presente informe recolle a valoración das propostas de integración na cidade, especialmente na mobilidade e na escena urbana; das propostas iniciais de ordenación en planta da funcionalidade viaria en xeral e de servizo á Estación Intermodal en particular; así como das preocupacións mostradas en relación á cualidade espacial dos espazos de lecer e das seccións transversais esquemáticas propostas por cada licitador, que en conxunto han de expresar con claridade a proposta de ordenación a desenvolver posteriormente no proxecto obxecto do contrato, realizarase de acordo aos seguintes criterios:



De 0 a 45 puntos; ata 9 puntos cada un dos seguintes aspectos:

- 
- a Integración urbanística da ordenación no contexto urbano actual e futuro.
  - b Funcionalidade viaria e espacial en relación á integración dos usos e da mobilidade (rodada privada e en transporte público, peonil e ciclista, aparcamento e "park & ride",...) xerada pola implantación da Estación Intermodal.
  - c Calidade paisaxística en relación ao papel do viario como elemento integrador intermedio e interposto entre a Estación Intermodal cas súas plataformas de trens e autobuses, e o Parque das Brañas do Sar.
  - d Calidade ambiental en relación á proposta de evacuación, integración e tratamento das augas pluviais; á recuperación ou reutilización do existente; á elección de materiais; e ao tratamento e calidade do arborado e do alumeadado público.
  - e Viabilidade técnica e económica en relación ao aproveitamento e optimización da traza e dos elementos existentes e á avaliación dos custes de execución das obras de acondicionamento que se deriven dos esquemas de ordenación que se propoñen.

En fichas anexas se valoran favorable ou desfavorablemente os diferentes aspectos de cada unha das propostas de acordo aos apartados anteriores.






HERREROS

- |  |   |
|--|---|
| <p><b>a</b> Integración urbanística da ordenación no contexto urbano actual e futuro</p> <p>Proposta moi esquemática mais como reflexión previa e compromiso de actuación que como solución ou proposta definida, salvo o que se infire do análise dos sinxelos esquemas que se engaden ao texto, valorándose moi favorablemente o trato detido que se dá á relación da vía co parque das Brañas do Sar como sistema de integración da vía ao parque.</p>  | 6 |
| <p><b>b</b> Funcionalidade viaria e espacial en relación á integración dos usos e da mobilidade (rodada privada e transporte público, peonil e ciclista, aparcamento e "park &amp; ride")</p> <p>Non se aporta un estudo rigoroso sobre as manobras dos buses, con carrís de espera nos cruces ou outros sistemas de circulación e articulación do complexo tráfico diante da estación de autobuses e introdúcese un boulevard ciclista (de dous direccións) central entre as dous vías rodadas todo ao longo do vial, sen embargo se valora moi favorablemente a rica relación entre a vía posposta de conexións e relacións entre a vía e a zona limítrofe das Brañas (mirador, accesos...).</p> | 6 |
| <p><b>c</b> Calidade paisaxística en relación ao papel do viario como elemento integrador intermedio entre a Estación Intermodal e o Parque das Brañas do Sar</p> <p>Ainda que a incorporación de arborado é indicativa e mais unha declaración de intencións que unha proposta, de novo obsérvase unha clara preocupación de relación ambiental entre a vía e o bordo adxacente do parque que garante unha gran calidade paisaxística á intervención.</p>   | 7 |
| <p><b>d</b> Calidade ambiental en relación á proposta de evacuación, integración e tratamento das augas pluviais; á recuperación ou reutilización do existente; á elección de materiais; e ao tratamento e calidade do arborado e do alumeadado público</p> <p>Neste aspecto a proposta recolle breves reflexións xenéricas sen moito interese mais alá de establecer futuros criterios para o momento da elaboración do proxecto, salvo no aspecto do drenaxe no que se detén algo no análise do orzamento.</p>   | 4 |
| <p><b>e</b> Viabilidade técnica e económica en relación ao aproveitamento e optimización da traza e dos elementos existentes e á avaliación dos custes</p> <p>O aproveitamento total da actual plataforma de beirarrúa e calzada, permite supoñer, de acordo ao prego técnico, o control do orzamento, incorporando un breve análise sobre posibles melloras sobre os custos previstos para a reabsorción e tratamento das augas superficiais para o sistema das Brañas do Sar.</p>  | 5 |

TOTAL 28



OUZANDE

- |  |  |   |   |
|--|--|---|---|
|      | <p><b>a</b> Integración urbanística da ordenación no contexto urbano actual e futuro</p> <p>Proponse unha solución radical que se parte da implantación dunha infraestrutura moi potente cunha rotonda aérea para vehículos e a solución de continuidade peonil e ciclista nun plano inferior o cal claramente excede, conceptual e economicamente, o obxecto do prego, que parte do mantemento da plataforma actual na súa maioría.</p> <p>Sen embargo, se formaliza na zona central do ámbito de intervención unha praza a nivel continua, interrompendo o tráfico rodado, que comunica este punto central neuráxico co parque das Brañas.</p> | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 20px; height: 20px;"> <tr> <td style="text-align: center; padding: 2px;">3</td> </tr> </table> | 3 |
| 3  |  |   |   |
|      | <p><b>b</b> Funcionalidade viaria e espacial en relación á integración dos usos e da mobilidade (rodada privada e transporte público, peonil e ciclista, aparcamento e "park &amp; ride")</p> <p>Evidentemente a solución proposta cunha rotonda aérea para vehículos e un plano inferior para peóns e ciclistas, ten como consecuencia a creación dunha serie de desniveis e ramplas de conexión e acceso entre ambos niveis que xera una gran complexidade técnica e conceptual á intervención.</p>  | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 20px; height: 20px;"> <tr> <td style="text-align: center; padding: 2px;">3</td> </tr> </table> | 3 |
| 3  |  |   |   |
|     | <p><b>c</b> Calidade paisaxística en relación ao papel do viario como elemento integrador intermedio entre a Estación Intermodal e o Parque das Brañas do Sar</p> <p>Aínda que incorpora o arborado aos flancos das vías rodadas en parte da vía, na zona central da rotonda, onde evidentemente non se pode, deixa illada e nunha posición elevada o "circuíto" de vehículos rodados, dándolle unha posición protagonista que compromete a calidade paisaxística da intervención.</p>   | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 20px; height: 20px;"> <tr> <td style="text-align: center; padding: 2px;">2</td> </tr> </table> | 2 |
| 2  |  |   |   |
|  | <p><b>d</b> Calidade ambiental en relación á proposta de evacuación, integración e tratamento das augas pluviais; á recuperación ou reutilización do existente; á elección de materiais; e ao tratamento e calidade do arborado e do alumeadado público</p> <p>Ao propoñer unha rotonda de vehículos como infraestrutura elevada e independente das circulacións de peóns e ciclistas, representa un alto custo medioambiental, con gran movemento de terras e cambios de escorrénteas (aparición de taludes, etc.), modificando profundamente a topografía do todo o bordo norte das Brañas en contacto cá vía obxecto de estudo.</p>           | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 20px; height: 20px;"> <tr> <td style="text-align: center; padding: 2px;">2</td> </tr> </table> | 2 |
| 2  |  |   |   |
|  | <p><b>e</b> Viabilidade técnica e económica en relación ao aproveitamento e optimización da traza e dos elementos existentes e á avaliación dos custes</p> <p>Proponse unha solución que nada ten que ver cas premisas do concurso nin cas previsións económicas, non aprotando ningún cálculo ou reflexión ao respecto.</p>   | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 20px; height: 20px;"> <tr> <td style="text-align: center; padding: 2px;">0</td> </tr> </table> | 0 |
| 0  |  |   |   |




TOTAL 9

PROYFE

- |  |  |   |
|--|--|---|
| <p><b>a</b> Integración urbanística da ordenación no contexto urbano actual e futuro</p> <p>Propón unha redefinición integral da vía, con dos carrís rodados separados por unha pequena medianeira e un carril bici lateral (que parece dunha soa dirección), todos eles entre arborado, e as beirarrúas peonís exteriores a este.</p> <p>Mantense unha relación relativa entre a proposta de vía e as Brañas, salvo na praza central de acceso, onde parece resolver ben a súa integración e conexión, cun sistema de ramplas e espazos conectados, así como un xesto na parte norte desta praza na resolución da súa relación cá cota alta da estación de BUS, traballando algo na planta das ramplas de conexión.</p> <p>Tamén se identifica algún tipo de xesto na rotonda norte, aínda que moi sinxelo, no senso de mellorar a relación peonil.</p> | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px; margin-left: auto;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">5</td> </tr> </table> | 5 |
| 5  |  |   |
| <p><b>b</b> Funcionalidade viaria e espacial en relación á integración dos usos e da mobilidade (rodada privada e transporte público, peonil e ciclista, aparcamento e "park &amp; ride")</p> <p>Resolve bastante ben todo o sistema de circulacións e cruces salvo poruq e non se observa claramente a existencia de dous carrís de bicicleta, polo demais, conservando a plataforma actual ofrece unha solución bastante factible.</p>   | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px; margin-left: auto;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">7</td> </tr> </table> | 7 |
| 7  |  |   |
| <p><b>c</b> Calidade paisaxística en relación ao papel do viario como elemento integrador intermedio entre a Estación Intermodal e o Parque das Brañas do Sar</p> <p>Incorporación do viario ao Parque das Brañas de Sar, ca introdución de arborado en beirarrúas sen mais, incorporando á proposta a beirarrúa en contacto co parque das Brañas só na praza central.</p>   | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px; margin-left: auto;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">4</td> </tr> </table> | 4 |
| 4  |  |   |
| <p><b>d</b> Calidade ambiental en relación á proposta de evacuación, integración e tratamento das augas pluviais; á recuperación ou reutilización do existente; á elección de materiais; e ao tratamento e calidade do arborado e do alumeadado público</p> <p>Conxunto de declaracións e intencións cumprindo as expectativas do prego pero sen concretar nin entrar en ningún tipo de detalles.</p>  | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px; margin-left: auto;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">4</td> </tr> </table> | 4 |
| 4  |  |   |
| <p><b>e</b> Viabilidade técnica e económica en relación ao aproveitamento e optimización da traza e dos elementos existentes e á avaliación dos custes</p> <p>Mantén a plataforma actual da vía e presenta un simple axusta dun orzamento tipo ao prezo dado polo prego.</p>   | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px; margin-left: auto;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">1</td> </tr> </table> | 1 |
| 1  |  |   |




TOTAL 21

ÁBALO

- |  |   |   |   |
|--|---|---|---|
|    | <p><b>a</b> Integración urbanística da ordenación no contexto urbano actual e futuro</p> <p>Mantén a plataforma cunha redistribución integral da vía, incorporando unha ancha medianeira central Incorpora os itinerarios peonís e ciclista do lado das Brañas ao parque, formalizando unha praza con clara vocación de conexión central de todos os itinerarios peonís. Traballa moito a relación cas rúas adxacentes e coa cota superior da estación de BUS.</p>  | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">5</td> </tr> </table> | 5 |
| 5  |   |   |   |
|    | <p><b>b</b> Funcionalidade viaria e espacial en relación á integración dos usos e da mobilidade (rodada privada e transporte público, peonil e ciclista, aparcamento e "park &amp; ride")</p> <p>Resolve correctamente todas as circulacións demandadas, chamando a atención o desfase na situación da parada de BUS bo lado das Brañas, acercándoa á rúa Boqueixón e o paso existente baixo o edificio, relacionándoo cun cruce peonil. Propón o carril bici enunciado no prego para a zona norte, pero ao outro lado é mais indefinida a proposta. por outro lado, resolve coidadosamente a articulación da praza co resto de espazos e itinerarios adxacentes.</p> | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">5</td> </tr> </table> | 5 |
| 5  |   |   |   |
|  | <p><b>c</b> Calidade paisaxística en relación ao papel do viario como elemento integrador intermedio entre a Estación Intermodal e o Parque das Brañas do Sar</p> <p>Non se observa na proposta (planta e seccións esquemáticas) a incorporación de arborado na medianeira (por unha cuestión de visibilidade dos condutores de BUS) nin nos laterais da vía, incorporando algún elemento de gran porte na praza central.</p>   | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">3</td> </tr> </table> | 3 |
| 3  |   |   |   |
|  | <p><b>d</b> Calidade ambiental en relación á proposta de evacuación, integración e tratamento das augas pluviais; á recuperación ou reutilización do existente; á elección de materiais; e ao tratamento e calidade do arborado e do alumeadado público</p> <p>Se menciona algo sobre rede semafórica e as luminarias, desenvolvendo algo mais a posibilidade de sistemas de infiltración (que localiza na ancha medianeira).</p>   | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">2</td> </tr> </table> | 2 |
| 2  |   |   |   |
|  | <p><b>e</b> Viabilidade técnica e económica en relación ao aproveitamento e optimización da traza e dos elementos existentes e á avaliación dos custes</p> <p>Aproveita a plataforma e axusta os prezos modulares ao orzamento ofrecido no prego aplicando prezos modulares, incluíndo a rúa Vedra e a praza central nos cálculos.</p>  | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">4</td> </tr> </table> | 4 |
| 4  |   |   |   |

TOTAL 19

ICEACSA

- 
- a** Integración urbanística da ordenación no contexto urbano actual e futuro 3
- Proponse dúas opcións, o cal fai difícil a súa valoración. A segunda parece ter unha maior intención ambiental e integradora respecto á primeira, mais dura e funcional. Nunha propón unha sección estándar, con medianeira arborada e noutra xunta as dúas vías cara o norte liberando mais espazo ao sur. Formaliza unha praza central pero a resolve moi mal no que a súa distribución interior refírese, enchéndoa de elementos e parterres.
- 
- b** Funcionalidade viaria e espacial en relación á integración dos usos e da mobilidade (rodada privada e transporte público, peonil e ciclista, aparcamento e "park & ride") 1
- Resolve sen maior interese a circulación de vehículos, pero na beirarrúa norte corta a comunicación peonil e non fala da circulación das bicicletas.
- c** Calidade paisaxística en relación ao papel do viario como elemento integrador intermedio entre a Estación Intermodal e o Parque das Brañas do Sar 3
- Por un lado incorpora arborado na medianeira da vía e na praza, deténdose na elección de plantas e tipo de arborado, e por outro incorpora pequenas conexións con rampas e accesos entre a vía e o parque.
- 
- d** Calidade ambiental en relación á proposta de evacuación, integración e tratamento das augas pluviais; á recuperación ou reutilización do existente; á elección de materiais; e ao tratamento e calidade do arborado e do alumeado público 2
- Aporta un esquema técnico estándar de iluminación alleo a este nivel de reflexión e estudo e non fala da semaforización. Cambia a sección, mostrando na proposta unha estándar que non parece responder a sección actual (segundo planos de estado actual) e non desenvolve a recollida de auga, aínda que localiza o tratamento das augas na ancha medianeira proposta.
- e** Viabilidade técnica e económica en relación ao aproveitamento e optimización da traza e dos elementos existentes e á avaliación dos custos 1
- Parte do aproveitamento aínda que non se aprecia na comparativa das seccións, ofrecendo un cálculo esquemático sen interese do orzamento do prego.

TOTAL 10

TERRAVANZA

- |  |   |   |
|--|---|---|
| <p><b>a</b> Integración urbanística da ordenación no contexto urbano actual e futuro</p> <p>Propónse unha sección tipo esquemática, sen unha clara planta de distribución das superficies. Sen embargo presenta unha proposta, da que non fala en ningún momento nin desenvolve mais que en infograffas, que consiste nun elemento construído en prolongación da pasarela das estacións ata o ámbito do parque, sobrevoando todo o espazo central da intervención e as vías rodadas. Neste elemento se apoia todo o esforzo de integración, o cal resulta claramente inadecuado polo seu impacto visual cun efecto decididamente oposto á integración.</p> | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">2</td> </tr> </table> | 2 |
| 2  |   |   |
| <p><b>b</b> Funcionalidade viaria e espacial en relación á integración dos usos e da mobilidade (rodada privada e transporte público, peonil e ciclista, aparcamento e "park &amp; ride")</p> <p>A pórtase unha sección tipo con dous carrís bici no lado do parque, apoiando todo o peso da conexión funcional no elemento pasarela construído no aire.</p>   | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">1</td> </tr> </table> | 1 |
| 1  |   |   |
| <p><b>c</b> Calidade paisaxística en relación ao papel do viario como elemento integrador intermedio entre a Estación Intermodal e o Parque das Brañas do Sar</p> <p>Como nos apartados anteriores, se valora negativamente a introdución dunha pasarela aérea como elemento integrador e de conexión. Unha solución válida para sobrevoar vías de tren ou grandes infraestruturas é, no caso de prazas, vías urbanas lentas e parques, o contrario ao desexable e integrador.</p>   | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">1</td> </tr> </table> | 1 |
| 1  |   |   |
| <p><b>d</b> Calidade ambiental en relación á proposta de evacuación, integración e tratamento das augas pluviais; á recuperación ou reutilización do existente; á elección de materiais; e ao tratamento e calidade do arborado e do alumeadado público</p> <p>Non se desenvolve este aspectos.</p>  | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">0</td> </tr> </table> | 0 |
| 0  |   |   |
| <p><b>e</b> Viabilidade técnica e económica en relación ao aproveitamento e optimización da traza e dos elementos existentes e á avaliación dos custos</p> <p>Non se desenvolve este aspectos, aínda que resulta evidente que a proposta non encaixaría no orzamento proposto no prego.</p>  | <table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 40px; height: 40px;"> <tr> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;">0</td> </tr> </table> | 0 |
| 0  |   |   |

TOTAL 4

NOROESTE

- |  |   |
|--|---|
| <p><b>a</b> Integración urbanística da ordenación no contexto urbano actual e futuro</p> <p>Propón como elemento integrador principal unha pasarela peonil aérea no espazo central do ámbito, rompendo espacial e conceptualmente calquera tipo de integración arquitectónica da vía co entorno. Enlazar por unha pasarela aérea non só no integra o espazo da rúa co entorno, senón que resalta a función de tráfico rodado da vía sobre o resto, que é precisamente o que se pretende evitar ca remodelación proposta. A praza axardinada proposta non é viable urbanisticamente dado que é edificable en parte e non ten senso introducir tanto xardín xunto ao equipamento de parque tan extenso que temos adxacente, resultando mais interesante calquera solución mais durade praza.</p> | <div style="border-left: 1px solid black; border-bottom: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; margin: 0 auto;">1</div> |
| <p><b>b</b> Funcionalidade viaria e espacial en relación á integración dos usos e da mobilidade (rodada privada e transporte público, peonil e ciclista, aparcamento e "park &amp; ride")</p> <p>A solución proposta ten o problema de que o que resolve sobre todos os demais aspectos es fundamentalmente a funcionalidade viaria, intentando resolver todas as conexións posibles pero sen dotar do adecuado carácter urbano e arquitectónico aos ámbitos, introducindo pasarelas peonís claramente identificadas con infraestruturas infranqueables e prazas tristemente axardinadas xunto a unha estación e un parque.</p>  | <div style="border-left: 1px solid black; border-bottom: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; margin: 0 auto;">1</div> |
| <p><b>c</b> Calidade paisaxística en relación ao papel do viario como elemento integrador intermedio entre a Estación Intermodal e o Parque das Brañas do Sar</p> <p>Salvo pola incorporación de algo de arborado (sen intención nin reflexión evidente) non se relaciona o parque ca vía nin se trata na proposta, salvo pola desafortunada proposta de pasarela.</p>   | <div style="border-left: 1px solid black; border-bottom: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; margin: 0 auto;">1</div> |
| <p><b>d</b> Calidade ambiental en relación á proposta de evacuación, integración e tratamento das augas pluviais; á recuperación ou reutilización do existente; á elección de materiais; e ao tratamento e calidade do arborado e do alumeadado público</p> <p>Se comentan estes aspectos pero non hai seccións ou esquemas que xustifiquen unha reflexión ou o seu adecuado tratamento.</p>   | <div style="border-left: 1px solid black; border-bottom: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; margin: 0 auto;">0</div> |
| <p><b>e</b> Viabilidade técnica e económica en relación ao aproveitamento e optimización da traza e dos elementos existentes e á avaliación dos custos</p> <p>Non parece posible axustar o orzamento dispoñible coa proposto de construción do elemento de pasarela, e nin sequera intenta xustificar ou aproximar o orzamento da proposta.</p>  | <div style="border-left: 1px solid black; border-bottom: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; margin: 0 auto;">0</div> |

TOTAL 3

BAC\_SEPCO

- |  |   |
|--|---|
| <p><b>a</b> Integración urbanística da ordenación no contexto urbano actual e futuro</p> <p>Proposta moi sinxela e esquemática na que a falta de concreción e información dificulta a súa cualificación e valoración.</p>  | 1 |
| <p><b>b</b> Funcionalidade viaria e espacial en relación á integración dos usos e da mobilidade (rodada privada e transporte público, peonil e ciclista, aparcamento e "park &amp; ride")</p> <p>Proposta moi sinxela e esquemática cunha serie de seccións tipos por zonas no que se observa que se dispón de dous carrís rodados, separados por medianeira e deixando os carrís de bicicleta no lado da s Brañas, deixando a beirarrúa peonil deste lado en medio.</p> | 2 |
| <p><b>c</b> Calidade paisaxística en relación ao papel do viario como elemento integrador intermedio entre a Estación Intermodal e o Parque das Brañas do Sar</p> <p>Non se trata a relación co parque nin as súas conexións ou elementos integradores, salvo a incorporación do arborado nas seccións esquemáticas daa proposta.</p>  | 1 |
| <p><b>d</b> Calidade ambiental en relación á proposta de evacuación, integración e tratamento das augas pluviais; á recuperación ou reutilización do existente; á elección de materiais; e ao tratamento e calidade do arborado e do alumeadado público</p> <p>Nin se comentan estes aspectos.</p>   | 1 |
| <p><b>e</b> Viabilidade técnica e económica en relación ao aproveitamento e optimización da traza e dos elementos existentes e á avaliación dos custos</p> <p>Aínda que non se desenvolve na documentación aportada, a proposta mantén a sección viaria existente polo que se entende que podería axustarse ao orzamento do prego.</p>   | 0 |


TOTAL 5

**TÁBOA RESUMO DE RESULTADOS**


critérios	A	B	C	D	F	TOTAL
HERREROS	6	6	7	4	5	<b>28</b>
OUZANDE	3	3	2	1	0	<b>9</b>
PROYFE	5	7	4	4	1	<b>21</b>
ÁBALO	5	5	3	2	4	<b>19</b>
ICEACSA	3	1	3	2	1	<b>10</b>
TERRAVANZA	2	1	1	0	0	<b>4</b>
NOROESTE	1	2	1	0	0	<b>4</b>
BAC_SEPCO	1	2	1	0	1	<b>5</b>

SANTIAGO DE COMPOSTELA A 17 DE XULLO DE 2018


O xefe de servizo de rehabilitación e vivenda  
Asdo. Javier Fernandez Muñoz



O xefe de servizo de proxectos e obras  
Asdo. Antonio Ranedo Santillana.



O director de área de urbanismo  
Asdo. Ignacio Cerrada Gonzalo





**CONCELLO DE SANTIAGO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
CONCELLARÍA DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA,  
MOBILIDADE E RELACIÓNS VECIÑAIS**

**DIRECCIÓN DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE**

---

**Asunto:** Licitación do contrato para Redacción do proxecto básico e executivo, proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e medio e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da Rúa Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo do Crecemento Sostible 2014-2020.

**Ref.:** CON/4/2018

En resposta ao seu escrito de data 10 de xullo de 2018 remitimos o "Informe de Valoración" dos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de Redacción do proxecto básico e executivo, proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e medio e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da Rúa Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo do Crecemento Sostible 2014-2020, aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

O Director do Área Técnica do D.U.S.



Asdo.: Ignacio Cerrada Gonzalo



**PARA: Mesa de Contratación**

**EXPEDIENTE: CON/4/2018. Adxudicación da realización do proxecto e Dirección Facultativa e Coordinación de Seguridade e Saúde das obras de reurbanización da Rúa Clara Campoamor.**

**ASUNTO: Puntuación da oferta económica e da calidade ofertada.**

**INFORME:**

Valóranse de seguido os criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmulas, como os criterios de calidade.

En primeiro lugar valórase a oferta económica (0 a 45 puntos), asinándolle 45 puntos á mellor, e para as restantes, a puntuación será o resultado da seguinte operación:

$$\frac{100 \times B_i}{B_m}$$

onde  $B_i$  é a baixa da oferta e  $B_m$  a baixa da mellor oferta, e entendendo por baixa dunha oferta, a diferenza entre o presuposto base da licitación e o presuposto da oferta, en tanto por cento. A puntuación económica redóndase ao segundo decimal.

E de seguido, tamén se valoran os criterios de calidade ofertados referidos ao compromiso de realización dun estudo de mobilidade de integración peonil e ciclista (5 puntos) e dun estudo de integración paisaxística (5 puntos).

A puntuación acadada polos ofertantes é a seguinte:


LICITADOR	BAIXA neta	% baixa	% 45 puntos	PUNTOS	+ CALIDADE	TOTAL
PROYFE SL	33.100	33,10	86,99	39,14	+ 5 + 5	49,14
ICEACSA SLU	27.000	27	70,96	31,93	+ 5 + 5	41,93
ABALO DÍAZ, E.	26.000	26	68,33	30,75	+ 5 + 5	40,75
ING. NOROESTE	18.000	18	47,27	21,27	+ 5 + 5	31,27
TERRAVANZA	15.000	15	39,42	17,74	+ 0 + 0	17,74
BAC-SEPCO UTE	38.050	38,05	100	45	+ 5 + 5	55
EZCURRA&OUZANDE	20.000	20	52,56	23,65	+ 5 + 5	33,65
ESTUDIO HERREROS	15.000	15	39,42	17,74	+ 5 + 5	27,74

Así pois, tendo en conta as anteriores puntuacións, a PUNTUACIÓN FINAL queda como segue:

	critérios xuizo valor	critérios formulas	PUNTUACIÓN FINAL
PROYFE SL	21	49,14	70,14
ICEACSA SLU	10	41,93	51,93
ABALO DÍAZ, E.	19	40,75	59,75
ING. NOROESTE	4	31,27	35,27
TERRAVANZA	4	17,74	21,74
BAC-SEPCO UTE	5	55	60
EZCURRA&OUZANDE	9	33,65	42,65
ESTUDIO HERREROS	28	27,74	55,74

En definitiva, como resultado final, a oferta que acada a puntuación mais alta é a presentada por PROYFE S. L. con 70,14 puntos en total.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018



Asdo.: Henrique Seoane Prado  
Arquitecto. Xefe do Servizo